

# "*Repite, os carballos*. Da literatura que resiste ao lectorado que esixe"

Montse Pena Presas
(montserrat.pena@usc.es, @penapresas)

Departamento de Didácticas Aplicadas-
Universidade de Santiago de Compostela

# A importancia do contexto. Unha literatura da man dunha lingua

- Para as persoas a partir da franxa de 34-25 anos, **o castelán é a lingua habitual** , cunha porcentaxe do 51,4%, que se vai elevando segundo se baixa a idade
- "**Descenso sostido da presenza do galego nas novas xeracións,** proceso máis acusado nos territorios máis dinámicos económica e demograficamente" (Seminario de Sociolingüística da RAG, 2021: p. 246)
- Nos contextos estruturados fóra do ámbito familiar (por exemplo, na escola) é onde adoita comezar o cambio de lingua das nenas e nenos en principio galegofalante.

- **Unha lingua e unha literatura en perigo? + A importancia de contar cun fondo en galego de calidade**
















# Recolle a literatura a problemática lingüística?

# Algunhas problemáticas da literatura (infantil e xuvenil) galega hoxe

# Hábitos de lectura




(Federación de Gremios de Editores de España, 2022)

# Algunhas problemáticas da literatura (infantil e xuvenil) galega hoxe

## Sistema editorial

O galego é a lingua oficial do Estado Español na que menos se edita (tan só un 1,4%)

328 libros de literatura infantil e xuvenil editados no ano pasado, que constitúen o 36,2% da produción

1178 exemplares de tiraxe media ten a LIX/1078 a literatura para público adulto

**De 100 libros vendidos nas librarías galegas, só 8 están en galego**

A pesar destes datos, **o 35,2% dos volumes vendidos en galego son libros de LIX**

**Escasa visibilación do fondo galego nas librarías. Dificultades para manterse ao tanto**

# Que podemos esixir como mediadoras?

Libros con calidade, tamén dende a perspectiva estética (adaptándonos ás esixencias do lectorado do século XXI)

Políticas públicas que fomenten a lectura na lingua propia de Galicia

Máis espazos de reflexión para falar de libros en galego. Actualmente son escasos

-*Diario cultural* da Radio Galega
-*Zigzag diario* da Televisión de Galicia
-Revista *Grial*, espazo dedicado á LIX
-Pequenas letras miúdas de Nós Diario
-"Elos de lectura" de *El Correo Gallego*
-Suplemento cultural "Faro da Cultura" do Faro de Vigo

# Como seleccionamos as mellores obras para a nosa biblioteca?




Colomer, 2015

- CONTEXTO
- VARIEDADE EDITORIAL E XENÉRICA

# A narrativa: a necesidade de empregar compás

Ningún é exclusivo de narrativa




Premio Merlín de Literatura Infantil

Premio Meiga Moira

Premio Agustín Fernández Paz do Concello de Vilalba

Premio Pinto e Maragota

Premio Fina Casalderrey pola Igualdade (Baía)

Premio Raíña Lupa

Recoñecementos do campo literario galego

- Premio Lazarillo
- Lista de Honra de Ibby
- White Ravens da Biblioteca de Múnic

Recoñecementos externos ao sistema galego

Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil

Pensar onde se comeza, porque aquí principia a subida da montaña

(Tamén chamada competencia literaria)



























Reencontrarse cos nomes clásicos da nosa narrativa: unha necesaria parada na "Xeración Lamote"

- Porque novidade non é sinónimo de calidade
- Porque son os pousos da actual narrativa infantil, porque dous deles seguen creando

Ir sempre máis alá, porque nós tamén somos lectoras










Seguir a pista dos nomes do actual panorama... tamén de maneiras distintas ás esperadas e en diferentes fases lectoras









# Atender ás traducións... porque os clásicos universais tamén se len en galego

¿Cuándo leer a los clásicos? ¿A partir de qué curso? La respuesta es sencilla: simpre. No hay un tiempo para la literatura infantil y juvenil y otro para la lectura de los clásicos. Ambos corpus pueden y deben coexistir desde el principio. También en las aulas.

Guadalupe Jover (2022)


















# Poesía: o xénero innovador?

- Importancia do álbum poético
- Unha única colección de poesía infantil: Udra, de Chan da Pólvora
- Escasez de marcas editoriais
- O peso da tradición oral
- Renovar os clásicos




Só un premio de poesía exclusivamente: Arume

































# A poesía xuvenil: a capacidade de rachar tópicos

- -Unha poesía de denuncia
- -Unha poesía na que aparecen as redes sociais
- -Unha poesía que fala do que interesa ás mozas e mozos
- -Unha poesía que non rima
- -Unha poesía que se mestura con outras artes

# A literatura dramática, buscando espazos de seu

- Dificultade do seu emprego en EI, aínda que presenza de posibilidades
- Ausencia de coleccións específicas, agás "A Pinguela".
- Importancia de nomes referenciais: Paula Carballeira, Raquel Castro, Carlos Labraña, Teresa González Costa

Premios específicos: Manuel María de Literatura Dramática Infantil Barriga Verde de Teatro de Monicreques, Anisia Miranda da FNV


















# Tamén para o público xuvenil, onde experimentou un pequeno pulo

Ás veces as liñas entre o lectorado de fronteira son febles.

Ás veces hai que tirar da propia tradición: onde está Vidal Bolaño na BE?

Premio Roberto Vidal Bolaño de textos para a mocidade























# E non esquezamos a non ficción

-Capacita ao lectorado para entender textos científicos e ensaísticos
-Obriga a que as lectoras e lectores se posicionen
-Aposta pola hibridación
-Obriga a interaccionar coa obra de maneiras diversas
-Fai que a lectura se amplie alén da obra física
-Entre paradigmas analóxicos e dixitais (Tabernero, 2022)

Que ferramentas temos aquí para orientarnos na selección?

# A necesidade de revisar sempre a selección

| Calidade | Competencia lectora | Clásicos | Variedade |
|---|---|---|---|
| Realmente a obra ten a calidade desexada?<br>Optamos por elixilos porque son libros acaídos para traballar X tema e, polo tanto, resultan didácticos? | Son axeitados para a competencia lectora agardada?<br>Interesan a público de X idade? | Hai obras clásicas que permiten ao lectorado conectar coa memoria colectiva? | Hai diferentes xéneros?<br>Hai variedade no texto e nas ilustracións?<br>Adecúanse a diferentes niveis lectores? |

Colomer (2015)

# Algunhas conclusións (evidentemente provisionais)






Verba estirpe, marmaña, Sárdoma na Terra.
Eran estas as nocións: touza, carqueixa,
corga, Carnota. As gándaras do sentido, as poulas
nas que o ser se entorga: toutizos, coios.
Támega, Tamuxe, Tameiga, tal
como brañas enchoupadas, Arnoia
que é escomincipio e a derradeira frouma do alentar de meu.
Visítarme, Arousa, paúlo.
Deixa que che meta os dedos na boca, señora miña Arousa.
Un peirao na Barbanza que se chama Pondal.
E cabernas de arca, e cabernas de couso.
Arteixo vira en cambas polos cotos herdados,
polas searas do esprito que nunca foi vencido.
Esposo mascato é, píllara tímida eu.
Dille berce ao inimigo, e veralo esmaciar.
En Patria río hai que chega a ser chamado Eu, ou qué.
Deva devala en meras, por panasqueiras tenras,
polos biduídos dos bidos lonxanos.
Primeira cousa: a lousa, morte ao estranxeiro opresor.
Toxo esgrevio acódenos, arnal, por consolarnos na desfeita.
Lamas, Ulla, Limia, Illó: carpazona, eih, coa virilla quente.
Ai, como tu es veiga pre min.
A túa crencha, prenda, teu buraco, teu buraquiño, bouza.
Cómo sodes, as senras, qué cabazo.
As cabanas de colmo a poboarnos a ánima esfragada
neses caborcos.
Os beizos, as var ceas, a saudade.
**Non esquenzas as verbas estirpe**
**que son morte pró estranxeiro opresor, elas nos lavan.**
**Sempre dirás: URCES.**
**Repite: os carballos.**

# Bibliografía


- Colomer, T. (2015). "La literatura infantil y juvenil". J. Mata, M.P. Núñez e J. Rienda (coords.). Didáctica de la Lengua y la Literatura. Madrid: Pirámide.
- Federación de Gremios de Editores de España (2021). *Comercio interior del libro en España*. Madrid: Federación de Gremios de Editores de España.
- Federación de Gremios de Editores de España (2022). *Barómetro de Hábitos de Lectura y Compra de Libros en España*. Dispoñible en: https://www.federacioneditores.org/lectura-y-compra-de-libros-2022.pdf
- Jover, G (2022). "Leer a los clásicos en la escuela". Dispoñible en: https://eldiariodelaeducacion.com/2022/03/21/leer-a-los-clasicos-en-la-escuela/
- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. (2021). *Prácticas lingüísticas na infancia. A xestión lingüística nos contextos de socialización*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en: https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/389/392/417
- Tabernero, R. (coord.) (2022). *Leer por curiosidad. Los libros informativos en la formación de lectores*. Barcelona: Graó.